

Que é o feminismo?

O feminismo é unha forma de pensar na que se defende a idea de que os homes e as mulleres son iguais.

Por que xurdiu o feminismo?

Porque durante moito tempo se pensou que os homes eran superiores as mulleres e dicían que elas non podían estudar e só podían ocuparse de estar guapas e coidar da familia.

Houbo mulleres feministas en Galicia?

Fai máis dun século (100 anos), aquí en Galicia, houbo unhas mulleres que non estaban de acordo coa idea de que as mulleres non puideran facer todo o que facían os homes e protestaron. Estas persoas son: Concepción Arenal, Rosalía de Castro e E. Pardo Bazán.

Concepción Arenal era filla dun militar Ángel del Arenal e de Concepción Ponte Tenreiro, de ascendencia aristocrática galega. Estudou en Madrid, nun colexio para señoritas, cun tipo de educación para nenas que máis tarde ela mesma se encargaría de criticar por tratarse da "arte de perder o tempo" porque só aprendían a cociñar e a coser.

Pero ela protestou e como quería ir á universidade e non a deixaban se disfrazou de home para poder asistir as clases de dereito e facerse abogada. Anque non puido conseguir a titulación, porque estaba prohibido que as chicas estudaran, aprendeu moito e dedicou a súa vida a defender a outras mulleres e a criticar todo tipo de inxustizas.

Máis ou menos, no mesmo momento da historia, Rosalía de Castro e E. Pardo Bazán foron escritoras moi importantes nunha época na que as mulleres non podían nin escribir, nin estudar, nin sequera votar nas eleccións nas que se decidía quen gobernaba no país. Así que protestaron nas súas obras e defenderon sempre que as mulleres e os homes eran iguais, tiñan as mesmas capacidades e, polo tanto, podían facer as mesmas cousas. Por iso é moi importante que nós agora as coñezamos e valoremos o seu labor na loita contra as inxustizas e as diferenzas entre as persoas, porque elas sabían que mulleres e homes, brancos e negros son iguais en capacidades e poden facer as mesmas cousas.

E. Pardo Bazán

Rosalía de Castro

YESERASH VILLA 3º B